

APLICACIÓN DO MÉTODO *EUROGEM* EN GALICIA PARA A OBTENCIÓN DE RESINA DE CALIDADE (FEADER AC2021L-01)

Entre os moitos resultados obtidos nos ensaios levados a cabo polos socios cooperantes desta acción de cooperación, pódense detallar as seguintes pautas que cómpre seguir para futuros traballos resineros:

- Respecto ás pastas estimulantes estudadas, a pasta ASACIF foi a de maiores producións.
- Respecto ás pastas estimulantes ecolóxicas, a pasta ASBENCIF foi a máis produtiva.
- O período de picas débese establecer en 14 días, sendo o máis viable desde o punto de vista produtivo. Coa broca *forstner* lográronse os mellores resultados no que se refire ao desempeño do traballo, xa que se acadan perfectamente os obxectivos de profundidade.
- A localización da parcela é un factor importante que cómpre ter en conta, xa que é a causa de moita variabilidade na produción de resina das masas de piñeiros.
- Na análise da augarrás, algunhas mostras presentaron valores próximos ao 90 % de alfa-pinenos e beta-pinenos, o cal resulta interesante a nivel industrial, xa que poderían ser utilizadas sen necesidade dunha segunda destilación. Nas mostras extraídas coa pasta ASACIF, a augarrás presenta unha porcentaxe de beta-pinenos menor do esperado, sendo o sumatorio cos alfa-pinenos inferior ao 90%, o que implica un rendemento menor na rectificación industrial.
- A pasta ASBENCIF PLUS produce miera cun menor rendemento en canto á cantidade de augarrás e colofonina aproveitables industrialmente. Non obstante, presenta valores de cristalización baixos, o que supón unha vantaxe para o seu emprego en múltiples aplicacións industriais. Pola contra, nas mostras extraídas con ASACIF obsérvanse valores de cristalización anormalmente altos.

Aspectos que se deben mellorar ou corrixir:

- Na PCM (Pica Circular Mecanizada) comprobouse que a árbore segue resinando tempo despois de extraer o aplique ao rematar a pica desa quenda, o cal provoca un desperdicio da resina que se debe aproveitar para mellorar a produción. Isto non ocorre cos eco-estimulantes, xa que as árbores conseguen selar antes a ferida.
- Tamén se observou que cando as picas circulares están xuntas paralelamente, o estimulante esvara cara a pica que xa foi resinada, e provoca que esta continúe segregando resina. Unha vez máis, isto tampouco pasa cos ecoestimulantes.